

ESPERPENTO



EDITORIAL



Hai cambios que se agardan durante algún tempo e de súpeto callan.

O ENL do CEIP Campolongo, segundo a proposta do coordinador das TIC, presenta unha solución on-line para a edición da revista Esperpento, que abre o noso ámbito de difusión, e ao mesmo tempo permite unha considerable redución dos gastos da edición en papel.



Foron moitos anos de números publicados en formato tradicional, no ronsel de Gutenberg; nada menos que 28 números nos que quedou recollida moita vida do centro, aínda que a idea é de imprimir en papel algúns exemplares, para non perder de todo o vínculo co modelo que nos serviu de soporte ata agora.

Este voceiro bota a andar cara o remate do curso, aproveitando e comprometéndose con todas as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías da comunicación, porque non hai tarefa máis gratificante que ir abrindo camiños na demostración diaria de que a escola pública avanza, mellora, e ofrece a mellor calidade, sempre na vangarda e na experimentación.

Hoxe tedes diante dos vosos ollos unha nova entrega do noso xornal, que se achega á comunidade escolar co alicerce de sorprendervos novamente; colle azos e espállase polo eido educativo cós alentos anovados, como froito da colleita e o esforzo participado das nenas e nenos, que coa colaboración do profesorado enchen de creatividade e enxeño estas páxinas.

Un curso máis, as celebracións, as saídas, as convivencias e as irmandades educativas desenvolvidas polo noso centro, permitíronlle ao alumnado, ao profesorado e as nais/pais, intercambiar novas experiencias culturais e a adquisición de novos referentes educativos. Toda esta intensa e variada actividade, dan conta dunha escola dinámica, aberta e innovadora, a prol dunha ensinanza acorde coas esixencias dos tempos que nos toca vivir.

Queremos amosar o noso recoñecemento e agarimo para Purificación Fernández Paz e Francisco Javier Martín Otero, nese paso cara a xubilación, despois de entregar o seu maxisterio á educación durante longos anos cheos de proveito e coa satisfacción inmensa de ter formado parte do colectivo da escola pública.

Felicitar ao alumnado de 6º nesa nova andadura pola ESO, esperamos que para o voso percorrido levedes un cartafol acugulado dos bos desexos e recordos inesquecibles da que sempre será "a vosa escola", e vos sintades orgullosos de ter pertencido a Campolongo. Desexamos que logredes acadar aquelas metas que vos permitan afrontar con valentía e responsabilidade os quefaceres da vida.

E para toda a Comunidade Educativa, o desexo dun verán fermoso de aconteceres e cálido de reencontros, na procura dos gratos momentos que nos leven a medrar en felicidade.

Revista: Esperpento Nº 29

Ano de publicación: 2009

Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo

Dirección e coordinación: Equipo de Normalización

Lingüística

O noso agradecemento a todos os que colaboraron na elaboración da Revista Esperpento

ENL DO CEIP CAMPOLONGO





SUMARIO

Editorial.....	2
Sumario	3
O dicionario da vida.....	4
Presente e pasado.....	5
Homenaxe á profesora Puri.....	6-7
Xogos de verán.....	8
Unha nena.....	9
A manta de Flora.....	10-11
O outono.....	12-16
As castañas.....	17-18
Cruz Vermella.....	19
En busca da miña irmá.....	20-21
O Nadal.....	22-23
A Paz.....	24-25
Neptuno.....	26
Salón do libro.....	27
Palabras de amor.....	28-29
Visita da asociación Alba.....	30
Xan pericán.....	31
Entroido	32-33
A camelia.....	34-38
O universo.....	39
Ollando o ceo.....	40
Eu vexo unha flor.....	41
Cartas entre camelias.....	42
Recordos.....	43
Maio 2009.....	44-45
Ramón Piñeiro.....	46
Dende a biblioteca.....	47
Adiviñas.....	48-49
Kus-Kus e cristal.....	50
Noites de verán.....	51
Excursión á Coruña.....	52
Vacacións de verán.....	53
O curso en imaxes	54
Orla de 6°.....	55



O DICCIONARIO DA VIDA

Amor de nai,
amor de pai,
sexa como sexa
en todas partes o hai.



Amor entre nenos
amor entre irmáns
amor entre mancos
que xuntan as mans.



O amor empeza
o amor acaba
pero a amizade
sempre conserva.

Moita xente se enamora,
dan froitos do seu amor,
que logo de certo tempo
enche a súa vida de cor.

Vouvos contar un segredo
meu curmán está namorado
e a pregunta que me fago é :
¿quen será o afortunado?

Envellecer xuntos,
é froito dun gran amor
e na vida día a día,
sempre será o mellor.

E por último, amigos
chegamos á conclusión,
o dicionario da vida,
latexa no corazón.



Ana, Ricardo, Ainhoa e Alba 6º C



PRESENTE E PASADO



ALGO MÁXICO

Era un día normal e corrente en Howarts e Harry e os seus amigos estaban na clase de maxia. O profesor estáballes ensinando a abrir un túnel do tempo, pero confundíuse ao pronunciar o feitizo e Harry quedou absorvido por el.

Harry- ¿Onde estou?, ¿que fago aquí? –**dixo Harry sorprendido.**

Nisto escoitou unha voz:

D.Quijote- ¡iiiA CARGA!!!–**dixo, a voz en grito, Don Quijote.**

Harry- Tranquilo..., déixame presentarme, son Harry Potter e veño de Howarts, ¿onde estamos exactamente?–**preguntou Harry**

D.Quijote- Pois... en Castela a Mancha (s.XVII), e eu son Don Quijote da Mancha– **respondeu.**

Harry- Encantado.

D.Quijote- Oe, ¿axúdasme con aqueles xigantes?–**preguntou Don Quijote.**

Harry- ¿Que xigantes?, eu só vexo muíños– **dixo Harry estrañado.**

D.Quijote- ¿Axúdasme ou non?

Harry- Vale...

Acto seguido Harry colleu a súa varíña e pronunciou:

Harry- ¡¡Wingardius leviosa!!!

E de repente todos os muíños víanse no aire, Harry aproveitou e lanzounos contra un muro, e nisto saltou Don Quijote:

D.Quijote- ¡Concho! ¿Como o fixeches? Ensíname ese truco, por favor.


Harry- Vale, pero a cambio deixarásme a túa lanza e ensinarásme a utilizala, xa que os meus inimigos non o esperarán, ¿de acordo?.

D.Quijote- De acordo – **afirmou Don Quijote.**

Despois dunhas clases intensivas de maxia e lanza, os dous dominaban a perfección os seus novos ataques.

Apareceu de pronto o túnel, pois o profesor xa apañara o problema e volveuno a abrir. Harry despedíuse e regaloulle a súa varíña a Don Quijote e el, deulle a súa lanza. Os dous acabaran con novas armas, e dixeron a coro:

Harry e Don Quijote- Alégame terte coñecido, ¡¡ata logo novo amigo!!



FIN

Creado por:

Alexandra Piñeiro Bugallo

Sira Villegas Ponte

Lucía Carballal Araújo


6ºB



HOMENAXE DE DESPEDIDA Á PROFESORA PURI DO ALUMNADO DE SEXTO A

2003

2002





HOMENAXE DE DESPEDIDA Á PROFESORA PURI DO ALUMNADO DE SEXTO A

Puri : Os teus ex- alumnos lembrámoste.

**Dous anos de alegrías
que corren polas nosas vidas.**

**Dous anos que lembraremos
e no noso corazón gardarémoste.**

**Grazas por ensinarnos,
tanto aprender coma axudarnos.**


**Profesora Puri agora que te vas
saberemos que non nos esquecerás.**





Os Xogos Olímpicos de Verán

Este verán vivín os xogos Olímpicos, dende a cerimonia de inauguración ata a cerimonia de Clausura. Gustáronme moito e foron moi emocionantes. Foron uns dos mellores xogos. Algúns dos medallistas máis destacados foron, Usain Bolt, Michael Phelps ou algún galego como David Cal ou Antón Paz o regatista do Vilagarcía de Arousa. Michael Phelps conseguiu o seu soño: as 8 medallas; ademais conseguiu 7 récords do mundo. Usain Bolt conseguiu tres medallas, unha delas foi na súa especialidade en 100 m lisos, outra medalla en 200 m lisos e outra co equipo xamaicano en 4x100. David Cal vivía os xogos olímpicos a por 2 anos e finalmente conseguiu 2 pratas. Antón Paz e Echavarni conseguiron un ouro. En ciclismo conseguimos un ouro de Samuel Sánchez (Samu). O xiral acabamos con 18 medallas.



Diego Barriá Louro
6^aA



Anara 1º C

Uma nena,
chamada Lorena,
foi pescar,
e ao chegar,
caeu-se ao mar,
e ali ficou muitos peixes,
de amiguinhos peixes.





Flora. A MANTA DE FLORA

ocorre? - lle pregunta o seu pai. - ¿Dóbeche lavariguña? - Non - di Flora. Flora, ¿Te doen os oídos? - lle pregunta a tía nai. - Non, di Flora. - ¿Que é o que che pasa, Flora? - lle preguntan as irmás e irmáns. - ¿Por que non durmes? - Non manta - di Flora. Ten a miña - lle di Carl. - Qu'a miña - lle di Bea. - Non - contesta Flora. - Aquí tes as noras - lle ofrecen Gus, Fede e Max. - Non - di - Flora -. Queros a miña. - ¿Onde está a tía manta, Flora? - suspira a tía nai. - Non sei - murmura Flora. - irmos leucala - di o seu pai. Buscan no comedor. - Non - di Flora. E na coziña. - Non - di Flora. e no cuarto de baño. - Non - di Flora. Despois leucan fora da casa. ¿Estará dentro do wello da area? ¿Ou talvez estará no baño? ¿Entre as

Cristina Vilas 1-6



A MANTA DE FLORA

leitugas? ¡Non! ¡Non! e ¡Non! - grita Flora.

¿No isto? - ¿Flora? - lle di o seu pai.

A nai e o pai de Flora a lersaban a súa
loma, e deitanse os tres xuntos. - ¿Que hai debaixo da
miña almofada? - di o pai de Flora. Non pode
ser o oso de Flora. Non pode ser o conto de Flora.
Ten que ser... ¡A manta de Flora!



Cristina Vilas 1-6



O OUTONO

Xa chega o outono,
as follas comezan a caer
e o chan cóbrese de cores
no amencer

Laranxa, amarelo, vermello,
algún deles son
e non esquezamos
o querido marrón.

Pero non caen follas só.
Un pequeno froito
amarelo e marrón
vai caendo ao ritmo do son.

Este froitiño moi rico está
e todo o mundo o quere xantar,
asado ou cocido,
a min dáme igual.

¿ Sabes de que froito
estouche a falar?
A fermosa castaña
que vaiche gustar.

Laura Piay Rodríguez

6º B



O OUTONO



Ven o outono,
chega o frío;
caen as follas,
o vento zoa.

As follas caducas
escriben no chan,
un mural de cores,
bonito de máis.

Quentín entre as mantas
eu quedo durmida
con frío no corpo
un libro nas mans.

O cheiro das castañas
entra pola ventá.
¡Compras na Ferrería
que quentínas están!

Tamen chega a escola
o Magosto das castañas,
xogamos no patio
e comémolas asadas.



María
Diana 6ºA



O outono

Os ourizos do soutiño
caen e caen sen parar
mentres na aldea
o vento non para de zoar.

O verde manto do prado
tan ledo no verán
vólvese ocre e amarelo
vendo o outono chegar.

As fontes e os ríos no estío
están a secar
pouca auga están a levar,
esperan inquedos o outono
para ver as súas canles medrar.

Ada Pouseu Blanco 5°C



En outono caen as follas,
¡tantas cores!

Amorelo, vermello granate,
marróns e verdes tamén.

Chuvia e treboadas






¡Fío tamén!

O outono é fermoso:
volta a estuolar.

As follas de distintas cores
nos árbores están, e caerán.

Castañas paparáis,
saladeiras e asadas están.

¡O outono é xerrial!



Patricia Farina Dapena
2ºB



Lara Parada Sánchez. 6º A.

Gústame o outono.

Eu son un esquío. Disfruto o outono porque nesta época ás árbores teñen unhas follas dunha cor vermella, marrón e amarela. Entre tantas árbores eu podo brincar entre eles, e cando encontro un piñeiro intento coller a maior cantidade de piñas posibles para ter provisións.

Unha das cousas que máis me gustan facer, é coñecer a moitos animais no Lago Castiñeiros. Coñecín a cervos, son moi amorosos, insectos que son moi simpáticos, a paxaros, que son moi amables, a topos, que son moi torpes, a vermes que son moi chulos e moitísimos máis animais.

Encántame esperar nas árbores e que as persoas me saquen algunha que outra foto. As persoas intentan buscarme e atraparme no obxectivo da cámara. Ríome moitísimo, xa que non son capaces.

Cando emperan a caer os primeiros ovizos das castañas, observo ás persoas que sempre se pinchan...

É que son moi mala jeje...

E isto é polo que me gusta esta época.





As Castañas

As castañas nos ouriros
queren saír dos seus fogares
o outono xa está aquí
e os ouriros caen, caem.

As castañas do magosto
máis ricas que as da casa
dánlle un toque especial
aos rapaces e rapazas.

Em Campolongo as castañas
sempre serán as mesmas
asadiñas polos pais
polas mestras e mestres.



Irene Lorenzo
6°C



RECEITA



INGREDIENTES:

- . 250 gramos de castañas
- . 125 gramos de manteiga
- . 125 gramos de azucre
- . 3 xemas de ovo
- . 3 claras a punto de neve
- . Unha pizca de sal



PREPARACION:

Quitámoslles ás cáscaras ás castañas e cocémolas con pel e un pouco de sal. Xa cocidas pelámoslas e esmagámoslas cun garfo.

Nun recipiente mesturamos a manteiga, o azucre e as xemas de ovo. Engadimos as claras a punto de neve e as castañas.

Pasamos todo pola batidora. Botamos a mestura nun molde engroxado e metémolo no forno a 170°C durante 20 minutos.

Pódese decorar con nata montada e castañas cocidas.

DANIEL FORTES IGLESIAS-2º B



CRUZ VERMELLA



Coidar anciáns, axudar a inmigrantes, axudar a persoas que están no cárcere... Esto son algunhas das cousas que a Cruz Vermella fai. E hoxe, venres día 3 de abril, María e Jérica, dúas voluntarias desta organización, viñeron darnos unha charla. Primeiro ensináronnos, a partir dun monitor, que fundou a Cruz Vermella. Foi un señor chamado Henri Dunant (8 de maio de 1828, Suíza). Debido ao seu traballo tivo que irse a vivir ao norte de Italia, alí viu que había guerra. Cando rematou, moitos dos soldados que estaban feridos, non estaban atendidos e Henri foi ao pobo máis próximo a pedir axuda. Non quería salvar só as persoas dun bando, senón que quería coidalas a todas. Por iso cando volveu a Suíza decidiu, crear unha organización para axudar as persoas necesitadas. E así naceu Cruz Vermella, este símbolo representa a bandeira de Suíza ao revés, en honor a Henri Dunant. E nalgúns países, como a cruz pódese entender coma algo católico, substitúese por unha Media Lúa Vermella.

Logo ensináronnos que estes símbolos tamén significan protección, xa que nunha guerra ás persoas desta organización, que levan o símbolo, non se lles pode atacar. Estas persoas montan hospitais de garda, levan comida... Tamén se houbera unha catástrofe natural, eles axudan construindo pozos de auga, retretes, e outras cousas de necesidade.

Seguidamente explicáronnos que teñen uns principios que son:

Humanidade: A Cruz Vermella preocúpase polos discapacitados, inmigrantes... Pola humanidade.

Imparcialidade: Non toman parte de ningún bando. Non fai ningunha distinción de sexo, raza...

Neutralidade: Para que todos teñan confianza nesta institución, nunca toma parte nas discusións políticas, raciais e relixiosas.

Independencia: O movemento é independente. É dicir vai por libre dos poderes públicos.

Carácter voluntario: É unha organización de voluntarios e de carácter desinteresado.

Unidade: En cada país só pode haber unha Cruz Vermella ou Media Lúa Vermella.

Universalidade: A asociación é universal. Todos teñen os mesmos dereitos de ser atendidos. Despois Jérica falounos do que facía ela dentro da Cruz Vermella de Pontevedra. Ela facía dúas funcións:

Avisar ao parentes dunha persoa que se atopa no cárcere e, que poidan ir visitalos os seus fillos ou familiares. Ensináronnos algunhas fotografías das cousas que facían, como confeccionar roupa ou obxectos para divertirse.

Tamén colabora cunha residencia de anciáns e persoas que viven soas.

Por último invitáronnos a participar nun concurso de debuxo que consiste en debuxar algo relacionado coa Cruz Vermella. Eses debuxos logo serán seleccionados e cos doce mellores farán un calendario para o 2010. Será moi divertido.

¡¡Foi unha gran charla!!

Alexandra Piñeiro Bugallo 6º B



EN BUSCA DA MIÑA IRMÁ

Ola, chámome Paula e esta é a miña historia. Empezou cando tiña 7 anos, os nosos pais comezaron a afastarse ata que se separaron. A miña irmá xemelga, Laura, foise co meu pai que é

doutor e o seu traballo lle levou a mudarse a E.E.U.U e eu marcheime a Túnez (África) xa que a miña nai é arqueóloga. Miña nai perdeu o seu traballo e caemos na pobreza, eu sempre lle preguntaba a miña nai cando volvería a ver a miña irmá e o meu pai, e nunca me respondía, sempre cambiaba de tema. Saíume unha beca para estudar medicina en E.E.U.U. Os 24 anos



terminei a carreira; e decidín buscar traballo. Un día chamáronme por teléfono e me ofreceron un traballo; eu aceptei. Despois de un ano ascenderon me a xefa de persoal, e encontreime un home moi parecido a min e levaba o meu apelido. Que coincidencia!



Cando cheguei a miña casa conteillo a miña nai e díxome que me acercase a el , a non ser por traballo . Pouco a pouco fun me encariñando con el , pero nunca llo contei á miña nai . Un día invitoume a súa casa a comer , cando cheguei vin que era unha mansión ...

¡ E encontreime unha rapaza idéntica a min ! Era a miña irmá , meu pai contoume toda a vedade , xa que , eu non sabia nada , pero cando me viu afastouse de min e non se sentou a comer con nos .

-Non te preocupes .

-dixo meu pai .
E eu sen pensalo subín a falar con ela , estivemos falando e recapacitou .
Tivemos unha gran idea , volver a unir aos nosos pais .

Un día quedamos no parque ela co seu pai e eu coa miña nai . Pasaron os días e fóronse encariñando , e se casaron ¡Volvemos a ser unha familia !
Agora vivimos todos xuntos ¡ Ata temos can !



RAQUEL, LORENA R. , LUCÍA, CECILIA E CAROLINA 6º A



NADAL SEN CARBÓN

Se me porto mal carbón
que ninguén diga o contrario,
pero se me porto ben,
os reis tráenme un agasallo.

E cando por fin esperto
moitos nervios e ilusión,
o único que desexo
e todo menos carbón.

Cando miro baixo o abeto
e vexo: carbón non é,
o que é , é unha pelota
para darlle ben co pé.

A pena e que isto xa acaba
os reis vanse unha vez máis
i sempre quedará o meu cumple!
dígolle triste aos meus pais.



Ana Hermida 6 B



O NADAL DO COLEXIO

Como todos os anos o festival do Nadal celebrouse dúas veces: unha para os nenos pequenos e outra para os maiores. As actuacións que máis nos gustaron (todas nos gustaron pero estas salientaron):

-Os nenos de infantil con: "Buscando a Papa Noel "e " Falade ben baixiño , petade pouquiño".


-Primeiro C con: "Polo Nadal as letras petan ao portal".

- "Cu-cú" cantado polos nenos de terceiro ciclo.

-Cuarto A interpretou: "Todo foi un soño".

-E nós os nenos e nenas de sexto curso interpretamos: "Os nenos que querían vivir o Belén " e cantamos "As Xaneiras" .

Os nenos e nenas do instituto, que estiveron aquí o ano pasado viñeron a vernos.



E tamén viñeron algúns familiares do alumnado.

Pero antes de ir ao ximnasio a ver o festival chegou Papá Noel e regalounos a todos unha lanterna e un afiador-goma, cunha piruleta de chocolate. Despois cando fomos ver o festival estivo moi interesante a actuación do alumnado de 6ª A: Marcos coa fruta e os demais co piano, e outro coa fruta traveseira. E o profesor de prácticas, Esteban, e mais un alumno co acordeón.

Todas nos gustaron moito xa que os nenos ensaiaran dabondo, tanto as cancións coma as obras que tamén se representaron con moita felicidade e

entusiasmo.

Se representaron máis obras que cancións, pero tendes que entender que non podemos comentalas e falar delas xa que ocuparía moito sitio e temos que deixar espazo para outros traballos.

Lucía Martínez García e Lorena Rivas Tilve de 6ªA



A PAZ NO PRIMEIRO CICLO



Os nenos e nenas do Primeiro Ciclo fixeron unha pomba con pombiñas pequenas e cantaron unha canción.

O PATIO DO COLEXIO

O patio do colexio
é particular,
alí nunca hai pelexas
xogamos en paz .

Abrázate,
e vólvetes a abrazar ,
que os abrazadiños
non saben pelexar.

O patio do colexio
é particular,
estamos todos xuntos
xogamos sen parar.

Abrázate,
e vólvetes a abrazar ,
que os abrazadiños
felices serán.



No mundo do amor

*N' este día de alegría
Témolo que celebrar.
Sen embargo moita xente
Está sempre a pelexar.*

*Xuntámonos nunha praza
Logo dámonos as mans
Consequimos desta forma
A simple palabra "paz".*


*Amor nos campos de guerra
Amor, xente sen fogar.
Se puxéramos un pouco
O mundo sería sinxelo de mellorar.*

*As pombas levan no pico
Mil lazos de moitas cores
Mentres que ao seu paso
Van deixando cousas mellores.*

*Este é un sono que podemos cumprir,
Pero todos un pouco debemos contribuír*

Lucía Martínez Sánchez-Gabriel. 5º C





NEPTUNO

Neptuno é un planeta,
tamén é o deus dos mares,
ten forma de balón,
ou de vello protestón.

Javier Torres 4º






O SALÓN DO LIBRO

Participamos no X salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra presentando un quiosco onde a nosa mascota Xafi vendía palabras de amor para que todos puidéramos escribir a nosa historia.



A Douzura de Amor é un libro de poemas elaborado polo alumnado de terceiro



Despois de facer unha recollida de palabras de amos dende a A ata a Z, organizáronse por grupos para elaborar: unah carta, poemas, relatos...





PALABRAS DE AMOR

Palabras que fan chorar de
Amor

Razón para querer

Agarimar

Bicar

Ensinar a xente que

Necesita amor

Sempre.



Harmonía na Terra de

Augas limpas

Ríos profundos de neve

Mares de espuma

Ondas de prata

Naturaza amiga

Inundas de ledicia

As nosas vidas.



Colectivo de alumn@s de terceiro de primaria
do CEIP. Campolongo



PALABRAS DE AMOR

O meu corazón
 Pacífico
 Treme de frío coas guerras
 Inúndase de imaxinación
 Mentres
 Intenta respirar e
 Sobrevivir co amor e os
 Marabillosos pensamentos
 Optimistas.



Unidos todos
 Ninguén só
 Iguais no mundo.
 Dun lado a outro
 Adiante compañeiros
 Dende aquí vos digo
 Eu e todos sempre unidos



Colectivo de alumn@s de terceiro de primaria
 do C.E.I.P. Campolongo



VISITA DA ASOCIACION DE OLERÍA ALBA

O pasado luns día 3 de febreiro viñéronos visitar dous membros dunha asociación chamada Alba, esta asociación dedícase a olería. Un deles foi o que nos explicou como se facían as pezas de barro, de distintas formas, tamaños e cores, e outro era o seu axudante que lle collía o material e todo o que necesitaba..

Explicounos como mover as mans para facer as pezas de barro no torno , este torno ten un motor que é o que o fai xirar, amosounos como hai que ir mellorando as mans para ir dándolle forma o barro que vai xirando.



Díxonos se queríamos probar a facelo, todos os da clase levantamos a man pero el dixo un nome e tocoulle a Alberto. Ao principio saíalle ben pero despois desfíxoselle un anaco e entón eles axudáronlle a que non se lle desfíxera.

Cando rematou Alberto, dixeron o nome dunha nena e saíu Carmen, aínda que tiña un dedo mal, fíxoo bastante ben.

Finalmente, eles fixeron unha peza de barro estreita e alongada, deixárona secar un pouco, despois todos os da clase puxemos o noso nome cun punzón nesta peza de barro.

Cando se foron dixeron que ían levar a peza para que secase no forno da súa asociación, e que cando volvesen ao colexio traeríana.

A experiencia gustoume moito, pero gustaríame máis facer unha peza coas miñas mans no barro.

Pablo Crespo Otero 6 B



Xan pericar
a caballo dun can.

Maria Torres Puente 10C

O caballo era coxo,
tirouno nun pozo.

O pozo era frío,


tirouno no río.

O río era branco,
tirouno nun campo.

O campo era roxo,
tirouno nun toxo.

O toxo picaba,

Xan beiraba
e o can escapaba.





O ENTROIDO



Este ano o Entroido do noso colexio celebrouse no centro, por segundo ano consecutivo. No comedor podíanse observar as caras ledas dos nenos pequenos, que o estaban a pasar xenial na compañía dos seus pais e cunhas monitoras que lles ensinaban xogos, e encargábanse de que ninguén se aburrise.

Eu ía de pitufo xunto coas miñas amigas, en total eramos catro: Elena, Lorena, Lara e outra Lorena; outros ían de chinos, raperos, hippies etc. Como os nenos estaban correndo dun lado para outro, xogando, saltando, etc. No patio cuberto a ANPA puxo como un pequeno quiosco onde comprabamos lambetadas; tamén vendían pataquiñas, refrescos...

Por outra parte no ximnasio e nos patios de recreo podíamnos encontrar a moitos nenos con disfraces moi bonitos.

Todo estaba moi ben preparado tanto no comedor, como no ximnasio había carteis de moitas cores, bandeiriñas, etc.

Os nenos e as nenas que fomos o pasamos xenial, e aínda que para o ano algúns xa non esteamos levámonos un bo recordo deste Entroido, e pasaremos por alí para ver como se divirten os rapaces.

Elena Cao García e Lorena Ogando Duran 6ºA



ENTROIDO 2009



Eu quero ser tan alta
como a lúa
jaí! jaí!
como a lúa
como a lúa

para miralo Entroido
que xa está a chegar
jaí! jaí!
que xa está a chegar
que xa está a chegar.



O sol está deitado
non quere saír
jaí! jaí!
non quere saír
non quere saír

porque a lúa moi pilla
non quere durmir
jaí! jaí!
non quere durmir
non quere durmir.





CAMELIA 2009

Os espazos fixéronse flor
e fun cara a ti, camelia,
esparexendo o teu nome co pole
e soprei palabras
pola escola de Campolongo
a proclamarte raíña e deusa
verseadora da fermosura
que acariña os nosos ollos
nesta cidade de pedra
Pontevedra.
X.B.C



A Camelia

A Camelia tan fermosa
no seu camelio de cores
como unha estrela brila
nun campo de flores.

No colexio Campolongo
hai unha exposición,
veamos as camelias
que veñen de Xapón.

As camelias tan bonitas
de tantas cores as hai,
tan bonitas ,tan fermosas,
tan fermosas ,gañarán,
o primer premio vanse levar.

As camelias no seu campo de flores
cóntanlles aos nenos mil historias de cores,
amarelas, vermellas, azuis,
belísimas e con olores.

ADA POUSEU BLANCO 5 C




A Camelia da sorte



Hola, chámome Uxía, teño 13 anos e vivo nun pobo preto de Liñares. A miña vida é un desastre!, e vouvos contar porque; levántome ás 7:30 (e que vivo moi lonxe do colexio), despois almorzo, vístome, peitóme... e... ¡Sempre pásame o mesmo! cando subo ao autobús, acórdome que esquecín os deberes na casa, e cando chego ao colexio, a profesora berrame moito, e castígame sen recreo. Pero isto, non é todo, Breixo, o neno máis porco da clase, e non é moi guapo que digamos, regaloume unha simple camelia aínda que, non era tan simple, ¡era unha camelia da sorte! Isto é, ao día seguinte levanteime pola mañá e... cando subín ao autobús ¡non me esquecín dos deberes! No colexio a profesora deu-me a enorabea por sacar un 10 no exame de sociais. E o mellor de todo, catro rapaces pedíronme saír, pero díxenlles que non, porque a min gústame Raúl. Despois de saír do colexio cheguei a casa, e miña nai (Remedios) preparou-me a miña comida favorita: ¡ESPAGUETIS! Cando rematei de comer deime conta de que a camelia estaba podrecendo. Entón seguro que a miña sorte estaba desaparecendo, ¡tinha que facer algo! Intentei regala-la, plantala, pero todo era inútil, a camelia ía morrer... E estes foron os últimos días da camelia.

Cecilia e Raquel 6ºA



Cecilia e Raquel 6ºA



A CAMELIA

DE MOITAS CORES HAINAS
NO NOSO XARDÍN,
PERO A MAIORÍA DAS VECES
VÊMOLAS NO MES DE ABRIL.

A PRIMAVERA CHEGOU
E UN AGASALLO DEIXOU.
¿QUEN SERÁ? ¿QUEN SERÁ?
PREGÚNTANSE AS FLORES DO LUGAR.

É A BONITA CAMELIA QUE,
VESTIDA DE MOITAS CORES
ROSA, BRANCA E VERMELLA
VÉN AQUÍ PARA VIVIR:
É A RAÍÑA DAS FLORES DE ABRIL.

LUCÍA MARTÍNEZ SÁNCHEZ-GABRIEL S C



O UNIVERSO

A Osa Maior
e a Osa Menor,
que lonxe están de nós!
Cun telescopio
verémolas mellor.

Dagmawit Martínez 4º





OLLANDO AO CEO



Co meu telescopio,
no ceo as estrelas vexo,
tamén os planetas,
xirando coma pandeiretas.



Dana Rey 4°C



Eu vexo unha flor
no lindo mencer.
De mil e mais cores,
de moi lonxe ven.

Chámanlle camelia,
ten finos pétalos
e suaves follas que,
se mecen ao vento

Dela namoreime
un día a mañá,
collina entre as mans,
gardeina para sempre.

Bagoas de orballo
aquela flor tina
dos meus ollos caían
bagoas parecidas

María Bara' 6^ª




cartas entre Camelias

Querida camelia Alice:
Sou Clara, unha camelia do
castelo de Soutomeir.
Cero que no colexio de
Campolongo fan unha festa
da camelia. Ponso que ti
estuches algunha vez.
Podesme dicir como e' esa
festa?
Unha aperta: 
PD agradec a tua resposta



Camelia Alice
Parque das palmeiras
Briavedra


Gran baile das camelias
Letra: O club das camelias
Valsa: Valsa do Danubio orxenal
de Johann Strauss
compañs
n'parar.
A
Alicia


Querida amiga Clara: 
Fizome muita ilusion recibir a tua carta porque hai muito tempo que
eu non sabia nada de ti. Tentarei explicarche como e' a festa da camelia
do C.E.I.P. Campolongo. Eu asisto todos os anos porque disfruto muito va
que hai unha exposiçion de camelias de diversos lugares e xuntámonos
cos nosos amigos. Os rapaces fan contos, poemas, debuxos... e sempre dan cousas
bonitas de nós. A verdade e' que se nota que nos queren muito.
Pero o mais divertido e' cando o colexio se queda baleiro e facemos a nosa
gran festa! Por fin podemos saír das aulas! Entomces pasámolo "grai" pois
xogamos ás escondidas polo cole, miramos todos os tralallos dos nosos e falamos
do que pasou durante o ano. Tamén facemos novos amigos e sacámomos fotos.
Mañdoche unha que nos fixemos o ano pasado cos meus irmáns de Lourdes.



Eu son esta, non te confundas

Para entrar nesta festa se tes que presentar esta invitación. Non a
peedas porque ao final do baile sorteanse unha viaxe ao Xapón para
comezar ás nosas familias dese lugar! Que tenas sorte!
¡Ah!, equisámome de falarche do noso baile todos os anos cantamos e bailamos
"Valsa das Camelias". Así que e' moi importante que te aprendas a letra.
Aquí cha envío.

Espero que te animes e que veas.
Un bico:
Alicia 

Heloira Martín Herrero 4A
Beatriz Martín Herrero 6A





RECORDOS

Pensamentos, ideas,
esquecidos no tempo;
máis sempre perviven
os mellores momentos.

Aqueles, que a memoria,
garda, a moi cobizosa.
Aqueles que despois
os netos sempre escoitan.

Eu onte de un acordeime,
nunha folla escribino;
saín fóra cara o monte,
gardareino nalgún sitio.

Camiñei polos prados,
andei cerca do río.
Enterrei nun recuncho
a folla que escribira.

Alí foi onde a deixei,
debaixo dunha árbore;
entre follas de carballo
esquecida cos anos.

María Bará 6º A

O recordo en min morreu,
pero aquel papeliño
gárdao no meu lugar;
e nunca o esquecerá.



Maio 2009

Campolongo canta o Maio
nesta cidade de pedra
aí van as nosas coplas
polo ar de Pontevedra.

Cun saúdo de benvinda
comezamos a falar
traemos algúns dicires
que lles qu eremos contar.

Viñemos ben preparados
coa gorxa afinada
pois mollamos a palleta
con zume de laranxada.

Para vestir este Maio
de pampullos e fiunchos
tivemos que percorrer
os camiños e recunchos.

O cuco chega cucando
por riba da Ferraría
guíndalle bicos ao vento
con donaire e alegría.

Canta cuco, canta cuco
enriba dunha camelia
vén andar o noso Maio
que chegou a primavera.

O cuco enredou coas notas
abaneando o peteiro
e os nenos facendo coro
cantaban todos contentos.

Subimos o noso Maio
por detrás de S. Xosé
pasamos pola Oliva
facendo o camiño a pé.

Montado en "carrilana"
con rodas de bicicleta
chegamos á Ferraría
coa equipaxe completa.

No colexio aínda chove
cando flúe a chuvascada
o problema vén de vello
que o saiba a concellala.

Hai artistas que nos baños
teñen provocado enchentes
cando atoan de papel
e atascan os retretes.

As persianas aínda fallan
e as mesas xa se avellan
pero temos un problema
coas portas que non pechan.

Emporiso que a miúdo
recibimos as visitas
dos rateiros que despoixan
e marchan sen deixar pistas.

A vila padece obras
que non se dan rematado
non hai cartos suficientes
para poñerlles o ramo.

Precisamos un GPS
para andar pola cidade
e camiñar polas rúas
con certa seguridade.

Non vaian polo Concello
Campolongo e o Campiño
mellor collan por Bos Aires
e bañaranse no río.

Cando rematen a praia
supoñendo que o fan
se non esgotan os fondos
estará para o verán.

E tamén por supoñer
estivemos cavilando
non sería estraño ver
a Miguel Anxo nadando.

Mentres nada e garda a roupa
os votos vanlle marchando
e os que turrán por entrar
coa boina apañando.

Lores vai perdendo apoios
elección tras elección
o Telmo faille a cama
para coller o bastón.

E Tareixa mentres tanto
botando as contas da vella
esfolla na margarida
por si lle queda parella.

O bipartito da Xunta
non cumpriu o prometido
e a xente de Galicia
mandounos para o retiro.

Touriño foi xubilado
xa non está gobernando
Quintana segue na festa
pero quitáronlle o mando.

Adeus para o desgoberno
parella mal amañada
se deron en facer algo
ninguén se lembra de nada.





Maio 2009

Para Santiago se vai
co encargo de mandar
e dentro de catro anos
volverá a recuncar.

Achegouse o momento
de arranxar tódalas cousas
con Feijóo de mandatario
enriba de catro rodas.

Para cumprilas promesas
empezamos a cambiar
primeiro tócalle aos coches
logo virá o demais.

Audi non que é moi caro
xa o dixo o presidente
eu prefiro un Citroen
que semella máis corrente.

Canta cuco, canta cuco
por enriba dos loureiros
dille á xente desta praza
onde foron os diñeiros.

Dille a tódolos presentes
na fermosa Ferraría
cantos contiños nos contan
cada noite e cada día.

Cóntalle iso do paro
e tamén da recesión
onde se foron os cartos
que non queda un patacón.

Mentres chega o remedio
dos que teñen o poder
comeremos catro codias
de pan sen amolecer.

Presidente Zapatero
ponlle rumbo ao temón
arranxa ben o da crise
que senón vén a ración.

Se non te ves competente
fala coa oposición
Rajoy dirixe un partido
sen tramas nin corrupción.

As liortas que nos contan
de espías e "pelotazo"
son un invento da prensa
que quere dar o "coñazo".

A sanidade precisa
unha boa intervención
e os políticos predicán
sen mellorar a xestión.

Dez anos de papelame
e promesas incumpridas
din que a historia do AVE
está chea de mentiras.

ENCE si ou ENCE non
aprendede a canción
cando Telmo sexa alcalde
ENCE vai para Marcón.

Pontevedra Club de Fútbol
moito tedes que correr
para sumar os puntiños
que vos fagan ascender.

Non se cansan, nin se renden
os xogadores de azul
o Teucro terá futuro
si hai cartos no baúl.


Viñemos cantar os Maíos
como manda a tradición
cando remate a festa
paparemos o roscón.

Xa chegou a despedida
deste maio cantareiro
acabóusenos a leria
ata o ano vindeiro.





LETRAS GALEGAS 2009



RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

Ramón Piñeiro López (Láncara -Lugo, 1915 - Santiago de Compostela, 1990) foi un intelectual e político español que desenvolveu a súa actividade en Galicia. É o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2009.

Tratase dunha das figuras históricas do galeguismo ó longo do século XX, clave para conseguir a continuidade deste tras a Guerra Civil Española (motivo polo cal foi encarcerado entre 1946 e 1949). Como intelectual, foi un dos fundadores e primeiros directores da editorial Galaxia e da revista Grial.

Politicamente, ademais de formar as Mocidades Galeguistas, foi membro do Partido Galeguista e, máis tarde, xa durante a España democrática, foi tamén deputado independente do Parlamento de Galicia formando parte da lista do PSdeG-PSOE.

Como intelectual, a súa principal actividade foi a de intentar separar o galeguismo do seu compoñente político para centralo no seu compoñente cultural (a esta tendencia se lle chamará desde entón piñeirismo). Neste senso, apelou á saudade (concepto ao que dedicou varios estudos ao largo da súa vida), a paisaxe e o humor como fundamentos da identidade dos galegos e esencia de Galicia.

Piñeiro concibía a saudade como un sentimento sen obxecto e sen relación algunha co pensamento o a vontade, que fora xa caracterizado por diversos escritores galegos baixo a forma de instinto de vida, de morte, como sentimento a superar, etc. Na súa concepción, contextualizada polo existencialismo filosófico, a saudade é un sentimento de soidade derivado da singularización do ser.

A súa obra escrita se reparte entre traballos de índole filosófica (con especial atención ao tema da saudade que trata desde una perspectiva existencialista heideggeriana) e traballos de orientación lingüístico-literaria (centrados nos problemas do proceso de normalización da língua galega). Foi pioneiro tamén na tradución de obras noutros idiomas ao galego, entre as que destaca Da esencia da verdade (1956), de Heidegger

Alexandra Piñeiro Bugallo 6 B



DENDE A BIBLIOTECA

HISTORIAS DE AMOR

El verdadero amigo es aquel que a pesar de saber como eres lo quiere.
Aristóteles



LECTURAS RECOMENDADAS 1º TRIMESTRE

Felicidad no es hacer lo que uno quiere sino querer lo que uno hace.
Jean Paul Sartre



EQUIPA DA BIBLIOTECA CEIP CAMPOLONGO

POETAS E TITIRITEIROS



ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA

ABRIL 2009

LECTURAS RECOMENDADAS PARA O SEGUNDO TRIMESTRE




A ASTRONOMÍA



O obxectivo do Ano Internacional da Astronomía é axudar os cidadáns do mundo a volver descubrir o seu lugar no universo a través principalmente da observación do caso de día e de noite, de modo de promover un sentido persoal da marabilla e do descubrimento. Elíxese o ano 2009 por ser o 400 aniversario do primeiro uso dun telescopio astronómico por Galileo Galilei.

SEMANA DAS PALABRAS E DAS LETRAS

ABRIL 2009



CEIP CAMPOLONGO

MELLORES LECTORES

Moitos alumnos e alumnas fixeron uso da nosa biblioteca, pero en especial:

María J. Insfrán
Miguel Nuño
Carolina Santiago
Sabela Alonso
Paula Duro
Nerea Arosa
Ramón Fernández
Noa Canosa
Juan Estévez
Roberto Rogu
Sara Garrido
Anxo Tato
Zeltia Pino
Antón Rey e
Beatriz Moreira

que foron os que máis libros leron durante todo o curso.



Durante este curso lemos moito, sobre todo de AMOR, ASTRONOMÍA e tamén lemos POESÍA




ADIVIÑAS

Salto tanto como un saltón,
como insectos a montón.
Son verde coma unha folla
e cando salto non hai quen me colla.



Son longo e pequeno
e verde se queres
teño unha longa lingua
que é moi viscosa e rosa.

Vivo nas serras
o meu pelo é marrón
orellas pequenas e pontiagudas
gústame a carne un montón.



Coa miña lengüiña áspera
papo o leite nun minuto.
Encántame perseguir:
Todo aquilo que se move.

6°C




Orellas redondíñas,
nariz de cor vermella.
Sempre que non me pille o gato
con queixo danme unha cea.





ADIVIÑAS


Aos meus "maridos"
eu me como.
Verde e pequena son,
Se me queres ver
ba olha tes que ter.



Vivo na Sabana,
chego moi ben as árbores
teño unhas orellas moi pequenas
pero as patas son máis grandes.



Branquiño como a neve
peludo tamén,
encántalle o frío
e nada moi ben.



6°C



Vivo na Selva,
gústame xogar
teño raias e
encántame matar.



Eu á xente doulle asco
co meu raboiño enrolado
e nunca xamais atasco
porque teño o fuciño furado.



KUS-KUS E CRISTAL

Érase unha vez un paxaro chamado Kus-kus. El estaba apunto de emigrar e deixar a súa casa de París.


Cando Kus-kus emigraba caí de París ata Santiago de Compostela.



Pasaba polos Pirineos

CIDADES

E POBOS



-Por fin cheguei a Santiago de Compostela. Onde encontrei a CRISTAL (o seu amor).



O tempo pasou e fixéronse noivos. Había un pequeno problema, que estaba apunto de chegar...

Kus-kus botaba de menos París e Cristal como moza do seu amor. Fixolle unha maquina da súa cidade.



ISI!




F
I
N



F
I
N

E viviron felices e comeron vermes.

María Bará. Claudia Ámez. Beatriz Martín. Maite Cachafeiro. **6 A**



NOITES DE VERÁN

Noites claras de verán,
noites para disfrutar,
a Lúa hase transformar
e as estrelas brillar.

Daniel Soto 4^oC



EXCURSIÓN Á CORUÑA



A noite anterior a o día da excursión estaba moi nerviosa preparando todo o que tiña que levar . É case máis divertido porque os días anteriores chamámonos entre as amigas para non esquecernos de nada.

Por fin chegou o esperado día e subimos ao autobús coas nosas mochilas. A primeira parada fixémosla no planetario de A Coruña. Tiña tres andares e na parte de arriba estaba dito planetario. Na entrada había uns pitos recen nados nunha incubadora. Eran moi bonitos. O primeiro andar estaba cheo de experimentos diversos, todos eles moi interesantes. No segundo andar vimos moitas ras, sapos, tritóns ...era a sala dos anfibios.

Había moitas ras de cores que parecían de plástico, outras estaban tan camufladas que nolo pasamos xenial intentando atopalas.


Porén, o mellor estaba ao final porque vimos unha película que parecía en tres dimensións e proxectada na cúpula que trataba sobre a evolución.

Rematada esta visita fomos cara a Domus. Alí comemos e aprendemos cousas sobre o corpo humano: como nacen os bebés, como funciona o corazón, o noso cerebro ... o que máis me gustou foi un xogo que facías cun compañeiro teu. Sentabas nunhas cadeiras e un aparato na cabeza medía as túas ondas cerebrais e tiñas que relaxarte. Había unha boliña enriba da mesa que se movía cara a a persoa que menos se relaxaba, foi moi divertido.

A nosa última parada foi no acuario onde vimos, como é normal, moitos peixes, cabalos de mar, etc. Tamén había un enorme tanque circular onde nadaban peixes e quenllas, pero para min as máis graciosas foron as focas.

De volta a casa todos estabamos moi cansos, pero felices e desexando chegar á casa para contalo todo e ver as fotos que fixemos.

BEATRIZ MARTÍN HERRERO 6A



VACACIÓNS DE VERÁN

Os días de colexio
 Son nenos que agardan
 O barco das festas
 Mariñeiros e princesas
 Ondas do mar
 E barcos de vela
 Nas vacacións os nenos
 Persiguen expertos
 Caramelos e promesas
 Ondas do mar
 E barcos de vela.



Jorge Aspérez Perqueira



CEIP "CAMPOLONGO"



6º PRIMARIA



PONTEVEDRA



2008



2009



ABRE AS PORTAS À IMAXINACIÓN



ALIMENTA
A TUA
MENTE